



## SUBVENCIONES AÑO 2019 PARA PROYECTOS DE BIOMASA DESTINADAS A PARTICULARES

No DOG luns, 7 de xaneiro de 2019, publícase a RESOLUCIÓN do 11 de decembro de 2018 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas para proxectos de biomasa destinadas a particulares e cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, se anuncia a convocatoria anticipada para o ano 2019 e se procede á selección das entidades colaboradoras que participarán na xestión destas subvencións (IN421H, IN421I).

### BENEFICIARIOS

As persoas físicas propietarias de calquera dereito sobre un inmoble de dereito residencial ou as comunidades e mancomunidades de veciños, sempre que as actuacións subvencionables descritas no artigo 3 se realicen en vivendas ou edificios do sector residencial sitas na Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, as agrupacións de persoas físicas, privadas sen personalidade, sen que estas se poidan disolver ata que transcorra o prazo de prescripción previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**O prazo de presentación das solicitudes de axudas será ata o 28 de febreiro.**

Os proxectos limitaranse a instalacións para a xeración de enerxía térmica mediante equipamentos que utilicen biomasa como combustible, en concreto, os proxectos de biomasa do grupo B2 (caldeiras con sistemas de alimentación automática e volume de acumulación de combustible  $V \geq 250$  litros e  $V < 1.000$  litros) e grupo B3 (caldeiras con sistema de alimentación automática e volume de acumulación de combustible  $V \geq 1.000$  litros) que se desenvolvan en parroquias definidas como rurais ou intermedias, para os efectos da aplicación do Feader (clasificación ZPP ou ZIP do grao de urbanización da parroquia segundo o GU 2016).

**As solicitudes deberán presentarse exclusivamente por vía electrónica,** por medio das entidades colaboradoras que presentarán ante o Inega dos trámites para solicitar a axuda, desenvolvemento das accións vinculadas á convocatoria, xustificación da axuda ante o Inega.